




ANÁLISE RÁPIDO DA TEXTURA DUN SOLO: método rápido para a análise da textura dun solo.


TEXTURA: indica as % dos distintos sólidos dun solo. É moi importante porque determina a capacidade dun solo para a retención da auga, a súa permeabilidade e aireación do solo. De maneira xeral, podemos clasificar os suelos según a súa textura en: pedregosos, areosos, limosos e arxilosos existindo moitas combinacións destes tipos. Os solos millores para o cultivo son os chamados SOLOS FRANCOS= MESTURA DE ARXILA E AREA XA que que combinan unha boa aireación e permeabilidade.

1. Recoller sobre 500 g de solo superficial
2. Extender uns días para secar
3. Tamizar co tamiz de 2 mm. Quedamos coa fracción menor de 2 mm, despreciando as gravas.
4. Molla un pouco a mostra na man ata que as súas partículas empecen a unirse pero SEN que se pegan a man **(A)**
5. Fai unha bola duns 3 cm diámetro **(B)**. Deixa caer a bola **(C)**




a. A bola desfai = AREA

Non se desfai, fai o seguinte: amasa a bola en forma dun cilindro de 6 a 7 cm de lonxitude **(D)**



b. NO mantén a forma = solo AREA FRANCOSA

SI mantén a forma, continúa amasando ata ter un cilindro duns 15 cm **(E)**




c. NON mantén a forma = FRANCO AREOSO

SI mantén a forma, dobra o cilindro para facer un semicírculo **(F)**



d. NON podes = FRANCO

PODES, dobra o cilindro ata un círculo pechado **(G)**



e. NON podes = FRANCO ARXILOSO

PODES e aparecen pequenas grietas = ARXILA LIXEIRA

PODES e non aparecen pequenas grietas = ARXILA